

Comunicado da ASAC Galicia

Hoxe xoves día 12 de marzo de 2020, en relación coa posta en marcha de novas actuacións centradas na prevención para conter o contaxio do coronavirus no eido educativo, o Presidente da Xunta de Galicia “anunciou a suspensión das actividades lectivas e extraescolares en todos os niveis educativos, a partir do vindeiro luns [día 16 de marzo] e durante 14 días”. E completábase a información coas seguintes medidas: “no tocante a outras actividades, o responsable do Goberno galego anunciou novas limitacións de aforo: en recintos pechados con capacidade para máis de 50 persoas, limitarase a asistencia a un terzo do aforo.” Pódese consultar a información completa neste enlace: <https://www.xunta.gal/notas-de-prensa/-/nova/47969/fejoo-avanza-posta-marcha-novas-actuacions-centradas-prevencion-para-conter>

Informamos de que en datas anteriores producíronse varias dimisións na Xunta Directiva de ASAC Galicia. Ante esta situación en reunión urxente da Xunta Directiva celebrada o martes 10 de marzo de 2020 acordouse distribuír os cargos da Xunta Directiva entre os 3 membros que a forman do seguinte xeito:

- Soledad Parral Pérez, secretaria en funcións.
- Enver Cordido Ramos, tesoureiro en funcións.
- Javier Ares Espiño, presidente en funcións.

A nosa intención era convocar aos socios de ASAC Galicia a unha Asemblea Extraordinaria o sábado 28 de marzo de 2020 coa seguinte orde do día:

- 1.- Convocatoria de Eleccións ASAC Galicia 2020.
- 2.- Renovación de cargos na Xunta Directiva para a preparación do proceso electoral.

Pero ante as novas destes días, e atendendo ás instrucións da Xunta de Galicia, temos que descartar esta opción e pospoñer a realización desta Asemblea de ASAC Galicia. Á espera dos cambios oportunos que permitan a realización de reunións cun aforo axeitado, e coa intención de continuar có traballo en ASAC Galicia, **a actual Xunta Directiva acordou invitar mediante este comunicado a todos aqueles socios/as de ASAC Galicia que queiran incorporarse á realización de tarefas de xestión da asociación.** Para o cal deberedes enviar un mail á seguinte dirección de correo electrónico indicando o nome e apelidos, número de socio/DNI, teléfono de contacto e a área específica na que poderíades axudar: info@altascapacidadesgalicia.org

Atentamente,

A Xunta Directiva de ASAC Galicia